

## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 4 DE AGOSTO DE 2020

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día catro de agosto de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde en funcións don Juan González Leirós reúnese a Xunta de Goberno Local en segunda convocatoria, por non existir quórum para a a válida constitución en primeira convocatoria, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: dona Lúa Sanguiñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Daniel Mallo Castro e dona Maria Dolores Pan Lesta

Non asisten e presentan escusa don Óscar A. Garcia Patiño, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Maria Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 28 de xullo de 2020**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 28 de xullo de 2020 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos tres membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguiñedo Álvarez, e dona Maria Dolores Pan Lesta) aprobou o citado borrador.

### **2º.- Boletíns e correspondencia**

- Acordo do 27 de xullo de 2020, da Xunta Electoral de Galicia, polo que se fan públicos os resultados xerais e por circunscricións e a relación de deputadas e deputados proclamados electos nas eleccións ao Parlamento de Galicia do día 12 de xullo de 2020. (Diario Oficial de Galicia número 151, do 29 de xullo de 2020).

### **3º.- Expedientes de contratación**

**3.1 Aprobación do expediente de contratación núm. 2020/C004/000017, por procedemento aberto simplificado, (cun único criterio de adjudicación, de apreciación automática: factor prezo), correspondente aos servizos de colaboración na organización de actividades/eventos deportivos e culturais ao aire libre promovidos polo Concello de Cambre durante dous anos**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 30 de xullo de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data do 23 de xullo de 2020, elaborouse polo coordinador de actividades culturais e educativas municipal, coa conformidade do Sr. Alcalde, (por avogación de competencias do concelleiro-delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude), a memoria xustificativa da necesidade, idoneidade, insuficiencia de medios e xustificación da elección do procedemento, para a contratación da colaboración na organización de actividades/eventos deportivos e culturais ao aire libre promovidos polo Concello de Cambre durante dous anos.

Nesa mesma data do 23 de xullo de 2020, asíñase polo coordinador de actividades culturais e educativas municipal, coa conformidade do Sr. Alcalde, (por avogación de competencias do concelleiro-delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude), o informe técnico relativo aos criterios de valoración, solvencia esixible aos licitadores, réxime de penalidades e sancións, e condicións especiais de execución do contrato.

Con data do 24 de xullo seguinte, asíñase polo coordinador de actividades culturais e educativas municipal o prego de prescricións técnicas para a contratación da Colaboración na organización de actividades/eventos deportivos e culturais ao aire libre promovidos polo Concello de Cambre durante dous anos, dividíndose o obxecto do contrato en catro lotes, e cun valor estimado total de 97.385,49 euros e un orzamento base de licitación de 107.124,10 euros, IVA incluído.

Os lotes nos que se divide o contrato son os seguintes:

- LOTE Nº1: Servizos para a organización e realización actividades/eventos deportivos
- LOTE Nº2: Servizos para a organización de actividades/eventos culturais
- LOTE Nº3: Servizo de elaboración de Memorias técnicas das actividades/eventos culturais
- LOTE Nº 4: Subministración de Carpas para o desenvolvemento das actividades/eventos culturais

Consta Informe de Intervención asinado o 17 de xullo de 2020 polo interventor municipal, respecto da existencia no orzamento de 2020 de crédito suficiente nas aplicacións orzamentarias 334.22609, 341.22609 e 334.22706

Consta a providencia do sr. Alcalde, de data 27 de xullo actual, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado, de conformidade co establecido nos artigos 131 e 159 e concordantes da LCSP.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, coa conformidade da Secretaría xeral e máis do interventor municipais, de data 30 de xullo de 2020, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro:** Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para dar cumprimento ás competencias municipais en materia de ocupación do tempo libre e promoción da cultura, (art. 25.2 apartados m) e l) da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e art. 80.2.n) da Lei 5/1997 do 22 de xullo da Administración Local de Galicia), e ante a insuficiencia dos medios personais e materiais cos que conta o Concello de Cambre para poder levar a cabo estas tarefas tan específicas, tendo en conta que desde a Concellería de Cultura, Deportes e Xuventude do Concello de Cambre, prográmanse e organízanse eventos/competicións deportivas e culturais que, ante a falta de medios para a colaboración na organización, xestión e

realización, requiren da contratación de diferentes servizos e subministracións, quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, a idoneidade do obxecto e o contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido nos artigos 1, 28 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

**Segundo:** Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2020/C004/000017, por procedemento aberto simplificado, (cun único criterio de adxudicación, de apreciación automática : factor prezo), correspondente aos servizos de Colaboración na organización de actividades/eventos deportivos e culturais ao aire libre promovidos polo Concello de Cambre durante dous anos , dividíndose o obxecto do contrato en catro lotes, e cun valor estimado total de 97.385,49 euros e un orzamento base de licitación de 107.124,10 euros, IVA incluído , isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159 e concordantes da LCSP.

**Terceiro:** Aprobar o gasto por conta das aplicacións orzamentarias 334.22609, 341.22609 e 334.22706, comprometéndose o Concello a consignar as cantidades que corresponda nos seguintes exercicios orzamentarios.

**Cuarto:** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e mailo prego de prescricións técnicas, e aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego administrativo.

**Quinto:** Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, e o informe emitido pola Secretaria Xeral de data 29 de outubro de 2019 en relación coa designación, composición, número de membros e limitacións na designación de membros da mesa de contratación, no presente expediente, a mesa de contratación estará composta por :

**Presidenta:** A Sra. concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Dolores Pan Lesta e, como suplente, o Sr. Concelleiro de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós .

**Vogais:** A secretaria xeral da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.

O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á área de urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira.

O coordinador deportivo municipal don José Amando Pena Vila , e como suplente, o coordinador de actividades culturais e educativas don José Luis Martínez Názara.

**Secretaria:** A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M<sup>a</sup> Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

**Sexto:** Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.

**Sétimo:** Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

#### **4º.- Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local**

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 24 ao 30 de xullo do ano que andamos, que comeza coa Resolución da Alcaldía número 1044/2020 e remata coa resolución do concelleiro delegado da área de Cultura, Deportes e Xuventude número 1076/2020, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1044/2020	24-07-2020	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 28 de xullo de 2020
1045/2020	24-07-2020	Numeración de construción sita en Fontenova, Pravio a instancia de LRR
1046/2020	24-07-2020	Aprobación xustificación convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a Fundación ADRA (Axencia Adventista para o desenvolvemento e recursos asistenciais), para o exercicio 2019
1047/2020	27-07-2020	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno da Corporación do día 30 de xullo de 2020
1048/2020	27-07-2020	Renuncia axuda emerxencia social alimentación PFRV
1049/2020	27-07-2020	Denegar a axuda emerxencia social alimentación segundo o disposto no artigo 6, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: DKV
1050/2020	27-07-2020	Aprobación de certificación correspondente á obra MELLORA DO PARQUE INFANTIL LESTE DA BARCALA (CONVENIO DE COOPERACION COA DEPUTACION) e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes a factura por importe de 1.320,47 euros, así como o seu pagamento
1051/2020	28-07-2020	Acreditación pagos convenio Funda WFF 2018 Subv Nominativa
1052/2020	28-07-2020	Aprobación do pagamento da achega municipal concedida ao abeiro do convenio de promoción do baloncesto durante a tempada 2018/2019.
1053/2020	28-07-2020	Avocación de competencias do cuarto tenente de alcalde don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto dende o día 3 ao 17 de agosto de 2020, ambos os dous incluídos
1054/2020	28-07-2020	Control de calidade da obra mellora de camiños de acceso a explotacións agropecuarias nos Picardos, Anceis. (mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2020-2021



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		(mr701e) AGADER 2020
1055/2020	28-07-2020	Coordinación de seguridade e saúde da obra mellora de camiños de acceso a explotacións agropecuarias nos Picardos, Anceis. (mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2020-2021 (mr701e) AGADER 2020
1056/2020	28-07-2020	Concierto solidario 2020. Aprobación evento e orzamento
1057/2020	28-07-2020	Aceptación subvención para novidades editoriais e mellora das coleccións
1058/2020	28-07-2020	Aceptación subvención do programa LER CONTA MOITO da Consellería de Cultura
1059/2020	28-07-2020	Concesión axuda recibo aluguer por importe de 400 euros e recibo de gas por importe de 47,55 euros a AIS
1060/2020	29-07-2020	Aprobación xestión padroal do mes de maio de 2020
1061/2020	29-07-2020	Devolución de factura e cancelación de domiciliación da empresa Solred
1062/2020	28-07-2020	Denegar a axuda recibo de gas por estar o recibo xa pagado. Solicitante: AMBC
1063/2020	29-07-2020	Expedientes sancionadores de tráfico
1064/2020	29-07-2020	Denegar a axuda emerxencia social alimentación egundo o disposto no artigo 22.1, non se cumpre o establecido no artigo 2, o saldo medio de aforro é superior ao establecido na ordenanza. Solicitante: MPBV
1065/2020	29-07-2020	Conceder a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: RRG
1066/2020	30-07-2020	Aprobación nómina xullo 2020 por importe bruto de 364.997,60 euros.
1067/2020	30-07-2020	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Peirao, Bribes con ramas proxectándose sobre vía pública e en contacto con tendido aéreo. Propiedade: GVC
1068/2020	30-07-2020	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Drozo, 49, Cambre con abundante maleza. Propiedade: Mdel CE MdelMa O F (herdeiros) JMSG e herdeiros de CGD
1069/2020	30-07-2020	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado da biomasa da parcela sita en Estrada Cambre-Temple, 46, Cambre con vexetación no muro de peche invadindo a beirarrúa. Propiedade: ESQ
1070/2020	30-07-2020	Corrección erro Resolución Alcaldía nº 1045/2020 de data 24 de xullo. Numeración de edificios
1071/2020	30-07-2020	Aprobación de despesas dos gastos de Seguridade Social do mes de xuño de 2020, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas, e dos mandamentos de pago das retencións practicadas na nómina do mes de xullo de 2020
1072/2020	30-07-2020	Expediente sancionador por incumprimento de horario de peche do establecemento denominado Boulevard de los Sueños sito no Temple, Cambre
1073/2020	30-07-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 34.878,10 euros
1076/2020	30-07-2020	Modificación decreto Axenda de verán

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Proposta de adxudicación da “subministración de materiais de imprenta para soporte de proxectos, programas e prestacións do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Cambre”, a prol do licitador “Publprinters Global, S.L.”, no importe total anual de 4.950,98 euros IVE incluído, (4.091,74 euros sen IVE) e un prazo de entrega de 6 días laborables. Expte: 2020/C005/000003

- Proposta de adxudicación da obra “Mellora da pavimentación no Paseo da Barcala e camiño do Pombo”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concello) POS+2019 da Deputación provincial da Coruña, a prol do licitador “Excavaciones y Obras Candal, S.L.”, no prezo ofertado de 53.402,12 euros IVE incluído (44.133,98 euros sen IVE), e un prazo de garantía ofertado de cinco anos. Expte: 2019/C003/000002

- Proposta de adxudicación da obra “Mellora da pavimentación no Paseo marítimo do Temple”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+2019 da Deputación provincial da Coruña, a prol do licitador “Excavaciones y Obras Candal, S.L.”, no prezo ofertado de 60.782,61 euros IVE incluído (50.233,56 euros sen IVE), e un prazo de garantía ofertado de cinco anos. Expte: 2019/C003/000003

- Proposta de adxudicación da obra “Ordenación e mellora da accesibilidade na contorna do Campo da Feira”, obra financiada por medio de convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento de ditas obras (convenio nº 73/2019 do 9 de outubro de 2019), a prol do licitador “Excavaciones y Obras Candal, S.L.”, no prezo ofertado de 32.894,65 euros sen IVE (39.802,53 euros IVE incluído), e un prazo de garantía ofertado de cinco anos. Expte: 2019/C003/000010

- Proposta de mantemento para o ano 2021 da prórroga do contrato do servizo de organización e realización do curso multideportivo de verán organizado polo Concello de Cambre para o ano 2019, prorrogable ao ano 2020. Expediente número 2019/C004/000004

- Proposta de resolución do contrato suscrito coa entidade “Pumbariño, S.L.”, para a organización e realización da “Xuntanza do maior” a celebrar no Concello de Cambre nos meses de setembro e outubro dos anos 2019 e 2020. Expediente número 2019/C004/000016

- Adxudicación á empresa *Cys Hispania S.L* polo importe ofertado de 23.878,85 euros sen IVE (28.893,41 euros IVE incluído) da obra denominada : “*Reforma do local municipal de Lendoiro. Planta alta. Cambre*”, subvencionada ao abeiro da Resolución do 29 de decembro de 2016 pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección do 29 de decembro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas co Feader no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR)” (DOG nº 12 do 18/01/2017). Expte: 2019/C002/000389

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos cinco concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

**A) Proposta de adxudicación da “subministración de materiais de imprenta para soporte de proxectos, programas e prestacións do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Cambre”, a prol do licitador “Publprinters Global, S.L.”, no importe total anual de 4.950,98 euros IVE incluído, (4.091,74 euros sen IVE) e un prazo de entrega de 6 días laborables. Expte: 2020/C005/000003**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 30 de xullo de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2020/C005/000003 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado abreviado (con pluralidade de criterios de adxudicación, mediante aplicación de fórmulas), da “subministración de materiais de imprenta para soporte de proxectos, programas e prestacións do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Cambre”, cun orzamento base de licitación de 9.050,00 euros IVE incluído

Vista a valoración das ofertas admitidas, consonte aos criterios contemplados na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares (prezo ofertado á baixa, e tempo de entrega dos materiais) e que consta na Acta do órgano de asistencia designado para o presente procedemento de data 14 de xullo de 2020, así como a proposta de adxudicación efectuada coa mesma data polo órgano de asistencia, e ratificada segundo Acta do día 29 de xullo de 2020, o a prol do licitador “Publiprinters Global, S.L.”, nos prezos unitarios ofertados que supoñen un importe total anual de 4.950,98 euros IVE incluído, e un prazo de entrega de 6 días laborables, por ser a entidade que obtén a maior puntuación en aplicación dos criterios de adxudicación que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares, toda vez que xustificou suficientemente a súa oferta, inicialmente incurso en presunción de ser anormalmente baixa, isto segundo o informe emitido polo educador social municipal con data 22 de xullo de 2019, ratificado polo órgano de asistencia constituído no presente procedemento, en sesión celebrada con data 29 de xullo de 2020.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida, acreditando a súa solvencia económica e técnica.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral da Corporación, de data 30 de xullo de 2020, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 206/2020 FASE D emitido polo interventor municipal con data do 30 de xullo actual.

Á vista do establecido na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro:** De conformidade coa proposta formulada con data de 14 de xullo de 2020 polo Órgano de Asistencia designado no presente expediente de contratación, admitir as ofertas presentadas polos seguintes licitadores, por ter presentado os sobres ou arquivos electrónicos C, Subtitulados “Documentación administrativa e criterios cuantificables mediante a aplicación de fórmulas” coas condicións e requisitos establecidos na cláusula 14.2 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente, tendo achegado a declaración responsable e a proposición, conforme ás condicións e requisitos establecidos na Cláusula 14.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares:

- Gráficas Integrales Cogami, S.L.U.

- Imprimimos , S.L.
- Publiprinters Global, S.L.
- Soluciones Gráficas Nimar, S.L.
- Óptima Diseño e Impresión , S.L.

**Segundo:** De conformidade coa proposta formulada con data de 14 de xullo de 2020 polo Órgano de Asistencia designado no presente expediente de contratación, e tendo en conta a cláusula 13.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares aplicable ao presente contrato, en consonancia co Anexo II do referido Prego no seu apartado nº 9, (o cal constitúe lei reguladora do contrato que os licitadores declaran coñecer e aceptar), así como o establecido no art. 159.4 da LCSP, que esixe a inscrición dos licitadores que participen no presente procedemento nos Rexistros estatal ou autonómico na data final de presentación de ofertas, obrigación legal respecto da que non cabe decisión algunha aos órganos de contratación e que todos os licitadores que presentan propostas a partir do 9 de setembro de 2018 deben cumprir, segundo pronunciamento de, entre outras, a Junta Consultiva da Comunidade de Aragón no seu informe nº 20/2018 do 3 de setembro, excluír as ofertas presentadas polas entidades “Galaica de Artes Gráficas, S.L.”, “Gráficas Hache Tomás Rodríguez, S.L.” e “Sistemas de Papel Continuo, S.L.”, ao non atoparse estes licitadores, á data final de presentación de ofertas (25 de xuño de 2020) inscritos en ningún dos Rexistros contemplados no art. 159.4 da LCSP, sendo obrigatoria a inscrición a efectos de participar en procedementos abertos simplificados a partir do 9 de setembro de 2018 e atopándose dita obrigación expresamente contemplada na cláusula 13.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente contrato.

**Terceiro:** Aprobar, de conformidade coa proposta formulada o 14/07/2020 polo Órgano de Asistencia designado no presente expediente, a seguinte valoración das ofertas presentadas polos licitadores admitidos mediante a aplicación dos criterios matemáticos establecidos na cláusula 12 do PCAP, así como o cálculo de posibles ofertas anormalmente baixas, que queda establecido nas inferiores a 4.200,75 euros sen IVE :

Licitor	Prezo anual sen IVE	Puntuación Prezo	Tempo de entrega	Puntuación tempo entrega	Totais
GRAFINCO, S.L.U.	6.586,98 euros	49,69	9 días	10	<b>59,69</b>
IMPRIMIMOS,S.L.	4.212,02 euros	77,72	9 días	10	<b>87,72</b>
PUBLIPRINTERS GLOBAL, S.L.	4.091,74 euros	80	6 días	15	<b>95</b>
SOLUCIONES GRÁFICAS NIMAR	5.199,12 euros	62,96	8 días	10	<b>72,96</b>
ÓPTIMA DISEÑO E IMPRESIÓN, S.L.	5.698,07 euros	57,45	15 días	0	<b>57,45</b>

**Cuarto:** Aprobar, de acordo coa proposta do órgano de asistencia que consta no informe de valoración de ofertas de data 14 de xullo de 2020, a seguinte orde decrecente de clasificación das proposicións admitidas, á vista do resultado da valoración das ofertas presentadas polos licitadores de acordo ao establecido na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares :

Licitor	Puntos
Publiprinters Global, S.L.	95
Imprimimos, S.L.	87,72
Soluciones Gráficas Nimar, S.L.	72,96
Grafinco, S.L.U.	59,69
Óptima Diseño e Impresión, S.L.	57,45





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

**Quinto:** De conformidade coa proposta formulada polo órgano de asistencia designado no presente expediente con data do 14 de xullo de 2020, posteriormente ratificada o día 29 de xullo de 2020, adxudicar o expediente núm. 2020/ C005/000003 para o contrato de “subministración de materiais de imprenta para soporte de proxectos, programas e prestacións do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Cambre”, a favor da empresa “Publiprinters Global, S.L.”, con NIF \*\*\*\*\*9493 e domicilio na rúa Carpinteros, parcela 12, Nave C, polígono La Fundición, 23740 Andújar (Jaen), nos prezos unitarios ofertados que seguidamente se relacionan, e que supoñen un importe total anual de 4.950,98 euros IVE incluído, (4.091,74 euros sen IVE) e un prazo de entrega dos materiais de 6 días laborables, esto de conformidade co establecido no artigo 159.4, punto 2º, da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público (LCSP), por ser a entidade que obtén unha maior puntuación en aplicación dos criterios que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente procedemento, toda vez que xustificou suficientemente a súa oferta inicialmente incurso en presunción de ser oferta anormalmente baixa.

Os prezos unitarios de adxudicación son os seguintes, segundo a oferta presentada:

Concepto	Cantidade	Prezo Unitario	Importe sen IVE	IVE	Importe con IVE
Carteles plastificados A3	8	2,70	21,60	21%	26,13
Lona 100x200 e soporte roll-up	2	82,33	164,66	21%	199,23
Talonarios “Bonotaxi” 205 hojas	180	3,88	698,40	21%	845,06
Carpetas cartulina azul 250 gr.	5000	0,45	2.250,00	21%	2.722,50
Carpetas cartulina verde 250 gr.	1000	0,74	740	21%	895,40
Talonarios “Xuntanza” 100 follas	42	3,74	157,08	21%	190,06
Tarxetas de estacionamento	1000	0,06	60,00	21%	72,60

As características da proposición do adxudicatario determinantes de que obtivese a maior puntuación atópanse principalmente no prezo ofertado, así como na redución do tempo de entrega, criterios nos que a empresa obtivo as maiores puntuacións.

**Sexto:** De conformidade co establecido na cláusula 16.2 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente, e tendo en conta o establecido no artigo 159.6 g) LCSP, por atoparnos ante un procedemento aberto simplificado abreviado, entenderase formalizado o contrato mediante a firma da aceptación polo contratista adxudicatario do acordo de adxudicación que lle sexa notificado, e que deberá aceptar no prazo de 10 días hábiles seguintes á notificación.

**Sétimo:** Nomear como responsable do contrato ao educador social municipal, de conformidade co establecido na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares e máis no artigo 62.1 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que lle corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións, e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Oitavo:** Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector

Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Noveno:** Notifíquese ao responsable do contrato, e máis ao departamento de Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**B) Proposta de adxudicación da obra “Mellora da pavimentación no Paseo da Barcala e camiño do Pombo”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concello) POS+2019 da Deputación provincial da Coruña, a prol do licitador “Excavaciones y Obras Candal, S.L.”, no prezo ofertado de 53.402,12 euros IVE incluído (44.133,98 euros sen IVE), e un prazo de garantía ofertado de cinco anos. Expte: 2019/C003/000002**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 31 de xullo de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2019/C003/000002 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) da obra “Mellora da pavimentación no Paseo da Barcala e camiño do Pombo”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concello) POS+2019 da Deputación provincial da Coruña, cun orzamento base de licitación de 61.510,64 euros IVE incluído.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 15.1 e no Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares que consta na Acta da Mesa de Contratación de data 16 de decembro de 2019, respecto das ofertas presentadas no presente procedemento, así como a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación designada para o presente expediente con data do 9 de xullo de 2020 , a prol do licitador “Excavaciones y Obras Candal, S.L.”, no prezo ofertado de 53.402,12 euros IVE incluído (44.133,98 euros sen IVE), e un prazo de garantía ofertado de cinco anos , por ser a entidade que obtén unha maior puntuación en aplicación dos criterios de adxudicación que constan na cláusula 15.1 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares e non atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 16 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público

pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida, acreditando a súa solvencia económica e técnica, así como a suficiencia de medios para a execución do contrato, segundo informe do enxeñeiro de Camiños municipal-xefe da sección de Servizos de data 27 de xullo de 2020.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral da Corporación, de data 29 de xullo de 2020, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 204/2020 emitido polo interventor da Corporación con data do 30 de xullo actual.

Visto o establecido na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e mailo disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Tendo en conta as atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 16 de decembro de 2019, declarar válida a licitación, admitindo nela as proposicións presentadas polos licitadores que seguidamente se relacionan, por ter presentado a documentación correspondente á oferta económica e referencias valorables automaticamente conforme ao establecido na cláusula 12 del Prego de cláusulas administrativas particulares:

- Canarga S.L.
  - Excavaciones y Obras Candal S.L.
- Francisco Gómez y Cía S.L.
- Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa S.L.
- Obras y Saneamientos Galicia S.L.

**Segundo:** Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do 16 de decembro de 2019, a seguinte valoración das ofertas presentadas polos licitadores presentados mediante a aplicación dos criterios matemáticos establecidos na cláusula 15 e Anexo IV do PCAP, así como o cálculo de posibles ofertas anormalmente baixas, que queda establecido nas inferiores a **41.939,38 euros sin IVA**:

EMPRESA	Plazo garantía ofertado	Puntuación plazo garantía	Oferta económica sin IVA	Oferta económica con IVA	Puntuación oferta económica	PUNTUACIÓN TOTAL
Canarga S.L.	5	20	41.570,25 €	50.300 €	63,75	83,75
Excavaciones y Obras Candal S.L.	5	20	44.133,98 €	53.402,12 €	49,21	69,21
Francisco Gómez y Cía S.L.	5	20	47.390,91 €	57.343 €	25,31	45,31
Movimiento de Áridos y Construcciones de	5	20	50.835,24 €	61.510,64 €	0	20

Arosa S.L.						
Obras y Saneamientos Galicia S.L.	5	20	46.651,50 €	56.448,31 €	30,73	50,73

**Terceiro:** Aprobar, de conformidade cos apartados anteriores do presente acordo, e co establecido no artigo 150.1 da LCSP, e tendo en conta a proposta formulada pola Mesa de Contratación con data do 16 de decembro de 2019, a seguinte orde decrecente de clasificación das proposicións presentadas, á vista do resultado da valoración das ofertas presentadas polos licitadores de acordo ao establecido na cláusula 15 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares:

EMPRESA	PUNTUACIÓN TOTAL
Canarga S.L.	83,75
Excavaciones y Obras Candal S.L.	69,21
Obras y Saneamientos Galicia S.L.	50,73
Francisco Gómez y Cía S.L.	45,31
Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa S.L.	20,00

**Cuarto:** De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 9 de xullo de 2020, e de conformidade co informe emitido con data 30 de xuño de 2020 polo enxeñeiro de Camiños municipal- Xefe da sección de Servizos, declarar a renuncia e, en consecuencia, excluír da licitación a oferta presentada pola empresa "Canarga, S.L.", ao amparo do establecido na cláusula 15.6 do prego de cláusulas administrativas particulares, e art. 149.6 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, por non xustificar suficientemente a súa oferta inicialmente incurso en presunción de resultar anormalmente baixa, tendo en conta que non achegou a documentación suficiente respecto a os apartados 1, 2 e 3 da cláusula 15.4.4 do prego de cláusulas administrativas particulares aplicable ao presente contrato, (xustificación de prezos ofertados, volume de obra e relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada), co que se conclúe que non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador, iso de conformidade co establecido na cláusula 15.4.4 do prego de cláusulas administrativas particulares aplicable ao contrato, e art. 149.6 da LCSP, debido a que :

- Non se indica a medición de materiais a que se comprometen (cláusula 15.4.4.1.A)
- Non se achega oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico (cláusula 15.4.4.1. C)
- Non se especifica como incide o volume de obra contratado ou en execución en relación cos prezos ofertados para a presente obra (cláusula 15.4.4.2)
- Non se achegan nóminas nin do persoal laboral fixo nin do persoal que se adscribirá á obra obxecto de licitación (cláusula 15.4.4.3)

Debido a estas circunstancias, non se considera xustificada a oferta, polo que procede a aplicación da cláusula 15.6 do prego de cláusulas administrativas particulares, e art. 149.6 da Lei 9/2017 de contratos do sector público que establecen que : "A renuncia do licitador incurso en ofertas con valores anormalmente baixos, ben de forma expresa ou non xustificando a baixa dentro do prazo concedido pola Administración...", e "Se o órgano de contratación, considerando a xustificación efectuada polo licitador e os informes mencionados no apartado catro, estimase que a información solicitada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador e que, por tanto, a oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de

*valores anormais, excluíraa da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde en que fosen clasificadas conforme ao sinalado no apartado 1 do artigo 150.....”*

**Quinto :** De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación o 9 de xullo de 2020, adxudicar a obra “Mellora da pavimentación no Paseo da Barcala e o camiño de Ou Pombo”, obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de Concellos) POS+2019 a favor da empresa “Excavaciones y Obras Candal, S.L.”, con NIF \*\*\*\*\*6219 e enderezo en Brea, Mesón do Vento, 15689 Ordes (A Coruña), no prezo ofertado de 53.402,12 euros IVE incluído (44.133,98 euros sen IVE), e un prazo de garantía ofertado de cinco anos, por ser a seguinte entidade que obtén unha maior puntuación en aplicación dos criterios de valoración que constan na cláusula 15 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

De conformidade co establecido no artigo 151.2.c) da Lei 9/2017, as vantaxes da proposición da entidade adxudicataria determinantes de que a súa oferta fose a que obtivo a maior puntuación atópanse na baixa económica ofertada e máis no incremento do prazo de garantía a cinco anos, criterios nos que a empresa obtivo a maior puntuación.

**Sexto:** Proceder á formalización do contrato en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación, de conformidade co sinalado na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre- Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.

**Sétimo:** Designar como directora de obra e responsable do contrato á enxeñeira técnica de obras públicas municipal dona Elena Bartolome Delanöe, á que, de conformidade co establecido no art. 62 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias con fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

A coordinación de seguridade e saúde para a presente obra corresponderalle ao licitador que resulte adxudicatario do expediente nº. 2020/C004/000007, que actualmente se atopa en tramitación, e que ten por obxecto a prestación do servizo de coordinación de seguridade e saúde en varias obras de construción entre as que se atopa a obra obxecto deste contrato.

**Oitavo:** Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados e ao coordinador de seguridade e saúde que resulte designado segundo exp. nº 2020/C004/000007, e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público e cláusula 16.4 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a

Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Noveno:** Notifíquese ao director de obra, e máis aos departamentos de Servizos e Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**C) Proposta de adxudicación da obra “Mellora da pavimentación no Paseo marítimo do Temple”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+2019 da Deputación provincial da Coruña, a prol do licitador “Excavaciones y Obras Candal, S.L.”, no prezo ofertado de 60.782,61 euros IVE incluído (50.233,56 euros sen IVE), e un prazo de garantía ofertado de cinco anos. Expte: 2019/C003/000003**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 31 de xullo de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2019/C003/000003 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) da obra “Mellora da pavimentación no Paseo marítimo do Temple”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+2019 da Deputación provincial da Coruña, cun orzamento base de licitación de 68.210,97 euros IVE incluído.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 15.1 e no Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares que consta na Acta da Mesa de Contratación de data 16 de decembro de 2019, respecto das ofertas presentadas no presente procedemento, así como a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación designada para o presente expediente con data do 9 de xullo de 2020, a prol do licitador “Excavaciones y Obras Candal, S.L.”, no prezo ofertado de 60.782,61 euros IVE incluído (50.233,56 euros sen IVE), e un prazo de garantía ofertado de cinco anos, por ser a entidade que obtén unha maior puntuación en aplicación dos criterios de adxudicación que constan na cláusula 15.1 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares e non atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 16 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida, acreditando a súa solvencia económica e técnica, así como a suficiencia de medios para a execución do contrato, segundo informe do enxeñeiro de Camiños municipal-xefe da sección de Servizos de data 27 de xullo de 2020.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral da Corporación, de data 29 de xullo de 2020, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 205/2020 emitido polo interventor da Corporación con data do 30 de xullo actual.

Visto o establecido na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e mailo disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Tendo en conta as atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 16 de decembro de 2019, declarar válida a licitación, admitindo nela as proposicións presentadas polos licitadores que seguidamente se relacionan, por ter presentado a documentación correspondente á oferta económica e referencias valorables automaticamente conforme ao establecido na cláusula 12 del Prego de cláusulas administrativas particulares:

- Canarga S.L.
- Construcciones Ponciano Nieto, S.L.
- Excavaciones y Obras Candal S.L.
- Francisco Gómez y Cía S.L.
- Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa S.L.

**Segundo:** Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do 16 de decembro de 2019, a seguinte valoración das ofertas presentadas polos licitadores presentados mediante a aplicación dos criterios matemáticos establecidos na cláusula 15 e Anexo IV do PCAP, así como o cálculo de posibles ofertas anormalmente baixas, que queda establecido nas inferiores a **48.440,52 euros sin IVA**:

EMPRESA	Plazo garantía ofertado	Puntuación plazo garantía	Oferta económica sin IVA	Oferta económica con IVA	Puntuación oferta económica	PUNTUACIÓN TOTAL
Canarga S.L.	5	20	47.066,11 €	56.949,99 €	59,62	79,62
Construcciones Ponciano Nieto S.L.	5	20	51.924,89	62.829,12 €	29,46	49,46
Excavaciones y Obras Candal S.L.	5	20	50.233,56 €	60.782,61 €	40,66	60,66
Francisco Gómez y Cía S.L.	5	20	55.242,15 €	66.843 €	7,50	27,50
Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa S.L.	5	20	55.045,35 €	66.604,87 €	8,77	28,77

**Terceiro:** Aprobar, de conformidade cos apartados anteriores do presente acordo, e co establecido no artigo 150.1 da LCSP, e tendo en conta a proposta formulada pola Mesa de Contratación con data do 16 de decembro de 2019, a seguinte orde decrecente de clasificación das proposicións presentadas, á vista do resultado da valoración das ofertas presentadas polos licitadores de acordo ao establecido na cláusula 15 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares:

EMPRESA	PUNTUACIÓN TOTAL
---------	------------------

Canarga S.L.	79,62
Excavaciones y Obras Candal S.L.	60,66
Construcciones Ponciano Nieto, S.L.	49,46
Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa S.L.	28,77
Francisco Gómez y Cía S.L.	27,50

**Cuarto:** De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 9 de xullo de 2020, e de conformidade co informe emitido con data 30 de xuño de 2020 polo enxeñeiro de Camiños municipal- Xefe da sección de Servizos, declarar a renuncia e, en consecuencia, excluír da licitación a oferta presentada pola empresa "Canarga, S.L. ", ao amparo do establecido na cláusula 15.6 do prego de cláusulas administrativas particulares, e art. 149.6 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, por non xustificar suficientemente a súa oferta inicialmente incurso en presunción de resultar anormalmente baixa, tendo en conta que non achegou a documentación suficiente respecto a os apartados 1, 2 e 3 da cláusula 15.4.4 do prego de cláusulas administrativas particulares aplicable ao presente contrato, (xustificación de prezos ofertados, volume de obra e relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada), co que se conclúe que non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador, iso de conformidade co establecido na cláusula 15.4.4 do prego de cláusulas administrativas particulares aplicable ao contrato, e art. 149.4 da LCSP, debido a que :

- Non se indica a medición de materiais a que se comprometen (cláusula 15.4.4.1.A)
- Non se achega oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico (cláusula 15.4.4.1. C)
- Non se especifica como incide o volume de obra contratado ou en execución en relación cos prezos ofertados para a presente obra (cláusula 15.4.4.2)
- Non se achegan nóminas nin do persoal laboral fixo nin do persoal que se adscribirá á obra obxecto de licitación (cláusula 15.4.4.3)

Debido a estas circunstancias, non se considera xustificada a oferta, polo que procede a aplicación da cláusula 15.6 do prego de cláusulas administrativas particulares, e art. 149.6 da Lei 9/2017 de contratos do sector público que establecen que : *"A renuncia do licitador incurso en ofertas con valores anormalmente baixos, ben de forma expresa ou non xustificando a baixa dentro do prazo concedido pola Administración..."*, e *"Se o órgano de contratación, considerando a xustificación efectuada polo licitador e os informes mencionados no apartado catro, estimase que a información solicitada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador e que, por tanto, a oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais, excluíraa da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde en que fosen clasificadas conforme ao sinalado no apartado 1 do artigo 150. En xeral rexeitaranse as ofertas incursas en presunción de anormalidade se están baseadas en hipótese ou prácticas inadecuadas desde unha perspectiva técnica, económica ou xurídica."*

**Quinto :** De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación o 9 de xullo de 2020, adxudicar a obra "Mellora da pavimentación no Paseo marítimo do Temple", obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+2019 a favor da empresa "Excavaciones y Obras Candal, S.L.", con NIF \*\*\*\*\*6219 e enderezo en Brea, Mesón do Vento, 15689 Ordes (A Coruña), no prezo ofertado de 60.782,61 euros IVE incluído (50.233,56 euros sen IVE), e un prazo de garantía ofertado de cinco anos, por ser a seguinte entidade que obtén unha maior puntuación en aplicación dos criterios de valoración que constan na cláusula 15 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.



De conformidade co establecido no artigo 151.2.c) da Lei 9/2017, as vantaxes da proposición da entidade adjudicataria determinantes de que a súa oferta fose a que obtivo a maior puntuación atópanse na baixa económica ofertada e máis no incremento do prazo de garantía a cinco anos, criterios nos que a empresa obtivo a maior puntuación.

**Sexto:** Proceder á formalización do contrato en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adjudicación, de conformidade co sinalado na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre- Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.

**Sétimo:** Designar como directora de obra e responsable do contrato á enxeñeira técnica de obras públicas municipal dona Elena Bartolome Delanöe, á que, de conformidade co establecido no art. 62 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias con fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

A coordinación de seguridade e saúde para a presente obra corresponderalle ao licitador que resulte adjudicatario do expediente nº. 2020/C004/000007, que actualmente se atopa en tramitación, e que ten por obxecto a prestación do servizo de coordinación de seguridade e saúde en varias obras de construción entre as que se atopa a obra obxecto deste contrato.

**Oitavo:** Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados e ao coordinador de seguridade e saúde que resulte designado segundo exp. nº 2020/C004/000007, e publicar no prazo de quince días a adjudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público e cláusula 16.4 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Noveno:** Notifíquese ao director de obra-responsable do contrato , e máis aos departamentos de Servizos e Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**D) Proposta de adxudicación da obra “Ordenación e mellora da accesibilidade na contorna do Campo da Feira”, obra financiada por medio de convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento de ditas obras (convenio nº 73/2019 do 9 de outubro de 2019), a prol do licitador “Excavaciones y Obras Candal, S.L.”, no prezo ofertado de 32.894,65 euros sen IVE (39.802,53 euros IVE incluído) , e un prazo de garantía ofertado de cinco anos. Expte: 2019/C003/000010**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 31 de xullo de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2019/C003/000010 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) da obra “Ordenación e mellora da accesibilidade na contorna do Campo da Feira”, obra financiada por medio de convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento de ditas obras (convenio nº 73/2019 do 9 de outubro de 2019), cun orzamento base de licitación de 50.106,60 euros IVE incluído.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 15.1 e no Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares que consta na Acta da Mesa de Contratación de data 16 de decembro de 2019, respecto das ofertas presentadas no presente procedemento, así como a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación designada para o presente expediente con data do 9 de xullo de 2020 , a prol do licitador “Excavaciones y Obras Candal, S.L.”, no prezo ofertado de 32.894,65 euros sen IVE (39.802,53 euros IVE incluído) , e un prazo de garantía ofertado de cinco anos , por ser a entidade que obtén unha maior puntuación en aplicación dos criterios de adxudicación que constan na cláusula 15.1 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares e ter xustificado debidamente a súa oferta inicialmente incurso en presunción de resultar anormalmente baixa.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida, acreditando a súa solvencia económica e técnica, así como a suficiencia de medios para a execución do contrato, segundo informe do enxeñeiro de Camiños municipal-xefe da sección de Servizos de data 27 de xullo de 2020.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral da Corporación, de data 30 de xullo de 2020, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 207/2020 emitido polo interventor da Corporación con data do 30 de xullo actual.

Visto o establecido na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e mailo disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Tendo en conta as atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 24 de febreiro de 2020, declarar válida a licitación, admitindo nela as proposicións presentadas polos licitadores que

seguidamente se relacionan, por cumprir as condicións e requisitos establecidos na Cláusula 11.1 do Prego de cláusulas administrativas particulares e ter achegado debidamente cuberto o modelo de proposición segundo o modelo do Anexo II deste:

- BCNOR Gestión y Soluciones Avanzadas, S.L.
- Canarga, S.L.
- Cimbra Contacts, S.L.
- Construcciones Canosa, S.L.
- Construcciones Leonardo Miguélez, S.L.
- Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.
- Excavaciones y Obras Candal, S.L.
- Excavaciones y Obras Melchor, S.L.
- Mecano Obras y Reformas, S.L.
- Narón Servicios de Medioambiente
- Obras Ramón Coteló, S.L.
- Revcom Energías Renovables, S.L.
- Sergonsa Servicios, S.L.
- Urespa Proyectos y Obras, S.L.

**Segundo:** Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do 24 de febreiro de 2020, a seguinte valoración das ofertas presentadas polos licitadores presentados mediante a aplicación dos criterios matemáticos establecidos na cláusula 15 e Anexo IV do PCAP, así como o cálculo de posibles ofertas anormalmente baixas, que queda establecido nas inferiores a 40.163,62 euros (IVE incluído):

NOME DA EMPRESA	Oferta económica	Incremento do prazo de garantía	Puntuación total
BCNOR Gestión y Soluciones Avanzadas, S.L.	25,12	30	55,12
CANARGA, S.L.	24,83	30	54,83
CIMBRA CONTACTS, S.L.	19,60	30	49,60
CONSTRUCCIONES CANOSA, S.L.	28,32	22,50	50,82
CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ, S.L.	53,82	30	83,82
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	16,33	30	46,33
EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.	59,47	30	89,47
EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, S.L.	70,00	30	100,00
MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L.	59,43	22,50	81,93
NARON SERVICIOS DE MEDIOAMBIENTE	50,88	30	80,88
OBRAS RAMÓN COTELO, S.L.	16,33	30	46,33
REVCOM ENERGIAS RENOVABLES, S.L.	35,64	30	65,64
SERGONSA SERVICIOS, S.L.	34,10	30	64,10
URESPE PROYECTOS Y OBRAS, S.L.	29,86	7,50	37,36

**Terceiro:** Aprobar, de conformidade cos apartados anteriores do presente acordo, e co establecido no artigo 150.1 da LCSP, e tendo en conta a proposta formulada pola Mesa de Contratación con data do 24 de febreiro de

2020, a seguinte orde decrecente de clasificación das proposicións presentadas, á vista do resultado da valoración das ofertas presentadas polos licitadores de acordo ao establecido na cláusula 15 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares:

NOME DA EMPRESA	Oferta económica	Incremento do prazo de garantía	Puntuación total	Oferta anormalment e baixa
EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, S.L	70,00	30	100,00	SÍ
EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.	59,47	30	89,47	SÍ
CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ, S.L.	53,82	30	83,82	NON
MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L.	59,43	22,50	81,93	SÍ
NARON SERVICIOS DE MEDIOAMBIENTE	50,88	30	80,88	NON
REVCOM ENERGIAS RENOVABLES, S.L.	35,64	30	65,64	NON
SERGONSA SERVICIOS, S.L.	34,10	30	64,10	NON
BCNOR Gestión y Soluciones Avanzadas, S.L.	25,12	30	55,12	NON
CANARGA, S.L.	24,83	30	54,83	NON
CONSTRUCCIONES CANOSA, S.L.	28,32	22,50	50,82	NON
CIMBRA CONTACTS, S.L.	19,60	30	49,60	NON
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	16,33	30	46,33	NON
OBRAS RAMÓN COTELO, S.L.	16,33	30	46,33	NON
URESPA PROYECTOS Y OBRAS, S.L.	29,86	7,50	37,36	NON

**Cuarto:** De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 27 de maio de 2020, e de conformidade co informe emitido con data 9 de marzo de 2020 pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, declarar a renuncia e, en consecuencia, excluir da licitación a oferta presentada pola empresa “Excavaciones y Obras Melchor, S.L.”, ao amparo do establecido na cláusula 15.6 do prego de cláusulas administrativas particulares, e art. 149.6 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, por non xustificar suficientemente a súa oferta inicialmente incurrida en presunción de resultar anormalmente baixa, tendo en conta que non achegou a documentación suficiente contemplada na cláusula 15.4.4 do PCAP aplicable ao presente contrato (xustificación de prezos ofertados, volume de obra, relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada, cumprimento de obrigacións salariais e relación de subcontratos programados e carta de compromiso de subcontratistas), co que se conclúe que este licitador non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos, iso de conformidade co establecido na citada cláusula e no artigo 149.4 da LCSP.

Debido a estas circunstancias, non se considera xustificada a oferta, polo que procede a aplicación da cláusula 15.6 do prego de cláusulas administrativas particulares, e art. 149.6 da Lei 9/2017 de contratos do sector público que establecen que : “A renuncia do licitador incurrido en ofertas con valores anormalmente baixos, ben de forma expresa ou non xustificando a baixa dentro do prazo concedido pola Administración....”, e “Se o órgano de contratación, considerando a xustificación efectuada polo licitador e os informes mencionados no apartado catro, estimase que a información solicitada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador e que, por tanto, a oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais, excluíraa da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde en que fosen clasificadas conforme ao sinalado no apartado 1 do artigo 150.....”

**Quinto :** De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación o 27 de maio de 2020, posteriormente ratificado pola Mesa de Contratación o día 9 de xullo de 2020, e tendo en conta o informe emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal con data do 4 de xuño de 2020, adxudicar a obra "*Ordenación e mellora da accesibilidade na contorna do Campo da Feira*", obra financiada por medio de convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento de ditas obras (convenio nº 73/2019 do 9 de outubro de 2019), a favor da empresa "Excavaciones y Obras Candal, S.L.", con NIF \*\*\*\*\*6219 e enderezo en Brea, Mesón do Vento, 15689 Ordes (A Coruña), no prezo ofertado de 32.894,65 euros sen IVE (39.802,53 euros IVE incluído) , e un prazo de garantía ofertado de cinco anos, por ser a seguinte entidade que obtén unha maior puntuación en aplicación dos criterios de valoración que constan na cláusula 15 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares e ter xustificado debidamente a súa oferta inicialmente incurso en presunción de resultar anormalmente baixa.

De conformidade co establecido no artigo 151.2.c) da Lei 9/2017, as vantaxes da proposición da entidade adxudicataria determinantes de que a súa oferta fose a que obtivo a maior puntuación atópanse na baixa económica ofertada e máis no incremento do prazo de garantía a cinco anos, criterios nos que a empresa obtivo a maior puntuación.

**Sexto:** Proceder á formalización do contrato en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación, de conformidade co sinalado na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre- Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.

**Sétimo:** Designar como directora de obra e responsable do contrato á enxeñeira técnica de obras públicas municipal dona Elena Bartolome Delanöe, á que, de conformidade co establecido no art. 62 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias con fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

A coordinación de seguridade e saúde para a presente obra corresponde á entidade "Gallega de Coordinacións, S.L.", segundo Resolución da Alcaldía nº 2636/2018 de data 20/12/2018, dictada no expediente de contrato menor nº 2018/C002/000462.

**Oitavo:** De conformidade coa cláusula XIV do convenio de cooperación entre a Deputación provincial da Coruña e o Concello de Cambre polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da presente obra (convenio nº 73/2019 do 9 de outubro de 2019), désígnanse por parte do Concello de Cambre ao arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, e á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, para que integren, xunto cos técnicos que designe a Deputación Provincial da Coruña, a comisión de seguemento establecida na antedita cláusula.

**Noveno:** Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados e á empresa encargada da coordinación de seguridade e saúde , e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público e cláusula 16.4 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Décimo:** Notifíquese ao director de obra-responsable do contrato que se designe, así como aos técnicos que integran a Comisión para o seguemento coordinado designados polo Concello de Cambre segundo a cláusula XIV do convenio subscrito coa Deputación Provincial, e máis aos departamentos de Servizos e Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**E) Proposta de mantemento para o ano 2021 da prórroga do contrato do servizo de organización e realización do curso multideportivo de verán organizado polo Concello de Cambre para o ano 2019, prorrogable ao ano 2020. Expediente número 2019/C004/000004**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 3 de agosto de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que por Acordo de Xunta de Goberno Local de data 12 de xullo de 2019 foi adjudicado o contrato para a organización e realización do curso multideportivo de verán organizado polo Concello de Cambre para o ano 2019, prorrogable ao ano 2020, (exp. 2019/C004/000004) á empresa “Hebe Sport, S.L.”, con CIF B15890809, por un importe total de 21.786,75 euros IVE incluído.

Visto que o contrato foi formalizado con data do 29 de xullo de 2019, e, segundo o establecido na súa cláusula cuarta, de conformidade co disposto na cláusula 6 do Prego de cláusulas administrativas particulares, o seu prazo de duración é durante o ano 2019, con posibilidade de prórroga ao ano 2020, logo do acordo do órgano de contratación adoptado, coa conformidade do contratista, á finalización do curso multideportivo do no 2019 e durante o seu prazo de garantía, (prazo de garantía que segundo a cláusula quinta do contrato e 27 do PCAP será dun mes a partir da data na que se efectúe o acto formal facendo constar que se realizaron satisfactoriamente todos os traballos correspondentes ao obxecto do contrato).

Visto que o obxecto deste contrato consiste na organización, coordinación e realización dun Curso Multideportivo de verán, que se levará a cabo en destinos situados dentro da Comarca das Mariñas e propostos polo adjudicatario durante un mínimo de 6 días consecutivos, preferiblemente durante a primeira quincena do mes de agosto, e que vai dirixido a mozos nados entre os anos 2007 e 2010, ambos incluídos, empadroados no Concello de Cambre.

Visto que con data do 11 de marzo de 2020, emitíuse informe polo coordinador de actividades culturais e educativas municipal, no que, con respecto ao curso multideportivo organizado durante o ano 2019, se indica que o adjudicatario cumpriu coas prescricións técnicas contractuais e o seu traballo foi satisfactorio, polo que non existe inconveniente para que o contrato sexa prorrogado por un ano máis, tal e como se establece no PCAP.

Visto que con data do 9 de xullo de 2020, asínase polo coordinador de actividades culturais e educativas municipal, un informe no que se fai constar que, se ben se informou favorablemente a prórroga do contrato, *“Debido á situación derivada da pandemia causada polo Covid-19, situación imprevista e sobrevida, o Concello de Cambre se ve obrigado a cancelar os cursos multideportivos previstos para o ano 2020”*, polo que propón a modificación do contrato no referente á súa duración, con base no artigo 205.2.b) da LCSP, para posibilitar a substitución da prórroga do ano 2020 ao ano 2021, tendo en conta que dita modificación conta coa conformidade da empresa adxudicataria do servizo, e non supón incremento ningún para o Concello do custo da prestación do servizo.

Visto que consta a conformidade do adxudicatario coa modificación proposta, segundo escrito presentado a través da sede electrónica do Concello de Cambre pola empresa “Hebe Sport, S.L.” con data do 09/07/2020 e nº de rexistro 202099900001796.

Visto o informe favorable ao mantemento da prórroga do contrato para o ano 2021 emitido pola Secretaria Xeral e polo interventor municipais, de data 3 de agosto de 2020, que contén a proposta de acordo a adoptar.

Considerando que o mantemento da prórroga do contrato para o ano 2021 supón unha axilización na tramitación administrativa, un incuestionable aforro en termos de tempos de tramitación e, por conseguinte, unha mellora na eficiencia da xestión dos recursos humanos, tendo prestado o contratista a súa conformidade.

Tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro:** Manter a prórroga dun ano do contrato do servizo de organización e realización do curso multideportivo de verán de 2019 á empresa Hebe Sport S.L. para o ano 2021, para o caso de que o servizo poida prestarse nas datas previstas, e sempre conforme aos pregos de cláusulas admisnitrativas particulares e prescricións técnicas que rexen no expediente de contratación incoado no seu día (TEDeC 2019/C004/000004) e á oferta presentada pola empresa.

**Segundo:** Dar traslado á Intervención e á técnica responsable de contratación aos efectos oportunos.

**Terceiro:** Publíquese o presente acordo no perfil do contratante do Concello de Cambre integrado na plataforma de contratación do Sector Público aos efectos de publicidade e transparencia.

**Cuarto:** Notifíquese á empresa adxudicataria facéndolle constar que este acordo, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa. A teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnala directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o mesmo órgano que a ditou (artigo 124 da Lei 39/2015).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa); todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**F) Proposta de resolución do contrato suscrito coa entidade “Pumbariño, S.L.”, para a organización e realización da “Xuntanza do maior” a celebrar no Concello de Cambre nos meses de setembro e outubro dos anos 2019 e 2020. Expediente número 2019/C004/000016**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 4 de agosto de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o informe-proposta emitido pola Secretaría e Intervención municipais con data de 3 de agosto de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

**““ANTECEDENTES:**

**1.-** Os que constan no informe conxunto emitido pola Secretaría e Intervención municipais de data 22 de xuño de 2020.

**2.-** Acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 23 de xuño de 2020, polo que se acordou:

**“Primeiro:** De conformidade co establecido nos artigos 190, 192.2 e 211.1 f), parágrafo segundo, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e Cláusulas 16.1.11, 18 e 20 do Prego de cláusulas administrativas particulares, incoar expediente para a resolución do contrato suscrito coa empresa “Pumbariño, S.L.”, e domicilio na Estrada de Ourense nº 4, A Mezquita, 32838 A Merca (Ourense), adxudicataria do expediente de contratación incoado co nº 2019/C004/000016 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado abreviado (cun único criterio de adxudicación, factor prezo), do servizo de “Organización e realización da Xuntanza do Maior a celebrar no Concello de Cambre nos meses de outubro dos anos 2019 e 2020”, con base nos seguintes motivos:

**a)** Por cumprimento defectuoso da prestación obxecto do contrato (art. 192.2 LCSP e Cláusula 20 do PCAP), de extrema gravidade, tendo en conta o dano producido á imaxe do Concello como institución, pola transcendencia social do número de persoas participantes (750 persoas):

- Incumprimento da Cláusula segunda do prego de prescricións técnicas, punto 24, respecto dos agasallos de protocolo que se entregaron aos participantes na Xuntanza, toda vez que tal e como figura na citada cláusula segundo transcripción literal “A empresa adxudicataria encargará 750 detalles coa inscrición: “xxxx Xuntanza do Maior. Servizos Sociais. Cambre 201 xx”, previamente elixidos polo persoal político e técnico de servizos sociais.”: A inscrición que debería figurar nas cuncas só foi nunha parte delas, xa que había outra parte de cuncas nas que aparecían outras inscricións: - XIII Xuntanza do amor” - XIII Xuntanza dous maiores”

- Incumprimento da Cláusula segunda do PPT respecto do menú e da prestación do servizo: Respecto do segundo prato, consistente nunha lacoada, serviuse excesivamente salgada e crúa, o cal provocou que máis de 400 pratos foran devoltos (sobre un total de 700 persoas do colectivo ao cal estaba dirixido o obxecto do contrato, e 15 persoas en calidade de representantes institucionais invitadas), ademais de fría, presenza de vermes nos pratos de comida (constando fotografías ao respecto); respecto do postre, consistente en torta milhoja e queixo do país con membrillo ou similar, en vez do queixo do país serviuse queixo fresco de Burgos; o servizo de camareiros/as foi lento e desordeado, e ante as chamadas de atención dos participantes, algúns dos camareiros tiveron unha actitude pouco respectuosa cara aos comensais.



- *Incumprimento da Cláusula segunda do PPT, punto 28, respecto da actuación da orquestra que debía actuar á terminación da comida, na franxa horaria de 16:30 a 20:00 horas, cun descanso de media hora, sendo a duración total de 3 horas, tal e como se establecía na citada cláusula: Ademais de que a orquestra tocou de 16:30 a 19:00 horas, é dicir, 2 horas e media en vez de 3, como consecuencia da descoordinación e ralentización ao servir a comida, que concluíu co postre pasadas as 17.30 horas, os comensais só puideron desfrutar do baile unha hora e media.*

**b) Por incumprimento das obrigas esenciais do contrato [art. 211.1 f) parágrafo segundo, da LCSP, e Cláusulas 16.1.11 e 18 do PCAP]:**

- *Non se achegaron os contratos ou a alta previa na Seguridade Social das persoas adscritas á prestación do servizo, que debían entregarse no Departamento de Contratación o día anterior ao inicio do servizo, aínda cando, tal e como consta no informe da responsable do contrato, déuselles todas as facilidades para que incluso o achegaran ao día seguinte da celebración do evento porque coincidía en domingo, xa que o representante a informou de que os ían dar de alta o mesmo día da Xuntanza.*

- *Non se acreditou a obriga do adxudicatario de empregar no cadro de persoal que executou o contrato a 1 persoa con especiais dificultades de acceso ao mercado de traballo, definidas polo Servizo Público de Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e tampouco se achegou copia do carné de manipulador de alimentos en vigor do persoal que prestou o servizo, sen que os ditos documentos consten, a día de hoxe, no expediente de contratación incoado.*

**Segundo:** Conceder audiencia ao contratista polo prazo de **dez días naturais** a contar dende o seguinte ao do envío da notificación da presente resolución e publicación simultánea no mesmo día no Perfil do Contratante do concello, para que poida alegar e presentar os documentos e xustificacións que estime pertinentes.

**Terceiro:** Incoar expediente para a liquidación do contrato e aboamento ao contratista do servizo prestado conforme co establecido no prego de prescricións técnicas que serviron para a súa adxudicación, isto de conformidade co establecido no artigo 313.2 da LCSP.

.....”

**3.- Escrito de alegacións presentado por “Pumbariño, S.L.”, rexistrado de entrada ao número 202099900001690 o día 2 de xullo, ao que achega a seguinte documentación:**

- factura de iluminación.
- factura de cuncas.
- factura de orquestra.
- relación de persoal que, segundo a empresa, prestou o servizo o día 6 de outubro de 2019.
- contrato suscrito o día 30 de setembro de 2019 entre Galicia Vella de Inversiones y Logística S.L. e Pumbariño, S.L. para “a organización e realización da xuntanza do maior a celebrar no Concello de Cambre nos meses de outubro dos anos 2019 e 2020. Expte: 2019/C004/000016”.
- resolución de alta na Tesourería Xeral da Seguridade Social de 4 persoas para o día 6 de outubro de 2019, como traballadores de Pumbariño, S.L.
- informe de traballadores en alta nun código conta de cotización da Tesourería Xeral da Seguridade Social (ITA) a data 4 de outubro de 2019, correspondente á empresa Pumbariño, S.L., no que figuran 5 traballadores.
- ITA a data 4 de novembro de 2019, correspondente á empresa Galicia Vella de Inversiones y Logística, S.L., no que figuran 18 traballadores.

**4.- Informe emitido o 17 de xullo de 2020 pola responsable do contrato, respecto das alegacións presentadas.**

*Tendo en conta canto antecede, e a lexislación contida no informe emitido polos funcionarios informantes o 22 de xuño de 2020, emítase o presente informe:*

**PRIMEIRO:** *Cumprimento defectuoso da prestación.*

*“Incumprimento da cláusula segunda do prego de prescricións técnicas, punto 24, respecto dos agasallos de protocolo que se entregaron aos participantes na Xuntanza, toda vez que tal e como figura na citada cláusula segundo transcripción literal “A empresa adxudicataria encargará 750 detalles coa inscrición: “xxxx Xuntanza do Maior. Servizos Sociais. Cambre 201 xx”, previamente elixidos polo persoal político e técnico de servizos sociais.”: A inscrición que debería figurar nas cuncas só foi nunha parte delas, xa que había outra parte de cuncas nas que aparecían outras inscricións: - XIII Xuntanza do amor” - XIII Xuntanza dous maiores””.*

*Pumbariño S.L. alega no seu descargo:*

*- Que presentou á Administración contratante un obsequio consistente nunha candeia perfumada dentro dun vaso de cristal que levaría unha lenda inscrita segundo o texto do prego.*

*- Que sobre o 26 de setembro, a Administración decidiu que non era o obsequio que desexaba entregar e que se substituíra por cuncas de Buño gravadas. E non se pode esquecer que o día 26 de setembro de 2019 foi o día en que Pumbariño, S.L. aceptou o contrato, e soamente restaban dez días para a realización do evento, previsto para o día 6 de outubro.*

*- Que aínda cando intentou que na olería lle fabricasen as 750 cuncas expresamente para o evento, coa gravación de fábrica, non foi posible, e a olería ofreceu facilitar as 750 cuncas xa feitas, polo que a inscrición debía de facerse a man.*

*- Que pola premura de tempo, non imputable a Pumbariño, S.L., unha parte pequena dos agasallos non se gravaron correctamente (o traballo na alfarería foi realizado por distintas persoas) coa lenda requirida polo Concello.*

*Conclúe que non houbo tempo material para revisar unha a unha as 750 unidades para poder rectificar o defecto ou erro na inscrición, pero que todos os asistentes recibiron o seu agasallo.*

*No informe emitido pola responsable do contrato se fai constar:*

*- Que houbo varias reunións previas co representante de Pumbariño, S.L. e en ningún momento manifestou que non puidera levar a cabo a subministración das cuncas, mesmo, o día 3 de outubro trouxo unha cunca para que se dera o visto e prace polo Concello, e manifestou que xa estaban listas.*

*- Que non correspondía á empresa presentar o obsequio que se entregaría aos participantes e que, segundo alega, a Administración decidiu que se “substituíra” por outro, dado que é o Concello o que tiña que decidir o tipo de obsequio que se ía ofrecer.*

*Conclúe que a xustificación de que a empresa non tivo tempo material para revisar as cuncas non é profesionalmente correcta, pois é á súa responsabilidade presentar os obsequios en tempo e forma.*

A xuízo dos funcionarios informantes, tal como se fai constar pola responsable do contrato, a redacción contida na cláusula segunda punto 24) do prego de prescricións técnicas é clara, "a empresa **encargará 750 obsequios** coa inscrición XXXX Xuntanza do Maior. Servizos Sociais. Cambre 201XX", **previamente elixidos polo persoal político e técnico de Servizos Sociais**", polo que correspondía ao Concello decidir o obsequio que se debía entregar aos participantes, e á empresa cumprir co compromiso adquirido no momento de presentar a proposición onde consta que a empresa:

"Toma parte no procedemento aberto simplificado para a adxudicación da organización e realización da "Xuntanza do Maior" no Concello de Cambre a celebrar nos meses de outubro dos anos 2019 e 2020 e a cuícos efectos fai constar que:

1º. Coñece e acepta cantas obrigas se derivan dos pregos de cláusulas administrativas particulares do presente contrato, así como do prego de prescricións técnicas.

...

3º. Declara responsablemente:

...

10- Que, de conformidade co establecido no artigo 76.2 da Lei de contratos do sector público, me comprometo a adscribir ao cumprimento do contrato de medios persoais e materiais necesarios para a súa execución, cuxa efectiva disposición acreditaré no prazo de 7 días hábiles previsto na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares, mediante a presentación da documentación establecida na cláusula 16.1.11. compromiso cuxo incumprimento quedo enterado que se considera incumprimento de obriga esencial".

Precisamente a cláusula 16.1.11. punto 2. refírese á acreditación de dispoñer dos medios materiais previstos na cláusula quinta do prego de prescricións técnicas, entre os que figuran 750 obsequios para asistentes; habendo sido supervisada a cunca que, segundo a responsable do contrato, o responsable da empresa trouxo á reunión mantida o día 3 de outubro, e onde manifestou que xa estaban listas.

Respecto da responsabilidade que a empresa traslada a quen lle suministró as cuncas, o artigo 215.4. da Lei de contratos do sector público establece que **os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante o contratista principal que asumirá, por tanto, a total responsabilidade da execución do contrato fronte á Administración**, con arreglo estrito aos pregos de cláusulas administrativas particulares ou documento descritivo, e aos termos do contrato, establecendo, incluso, que o coñecemento que teña a Administración dos subcontratos que lle foran comunicados ou foran autorizados non alterará a responsabilidade exclusiva do contratista principal.

Así pois, quen debe asumir a responsabilidade ante o Concello é a empresa Pumbariño, S.L.

**SEGUNDO:** Cumprimento defectuoso da prestación.

"Incumprimento da Cláusula segunda do PPT respecto do menú e da prestación do servizo: Respecto do segundo prato, consistente nunha lacoada, serviuse excesivamente salgada e crúa, o cal provocou que máis de 400 pratos foran devoltos (sobre un total de 700 persoas do colectivo ao cal estaba dirixido o obxecto do contrato, e 15 persoas en calidade de representantes institucionais invitadas), ademais de fría, presenza de vermes nos pratos de comida (constando fotografías ao respecto); respecto do postre, consistente en torta milhoja e queixo do país con membrillo ou similar, en vez do queixo do país serviuse queixo fresco de Burgos; o servizo de camareiros/as foi lento e desordeado, e ante as chamadas de atención dos participantes, algúns dos camareiros tiveron unha actitude pouco respectuosa cara aos comensais".

Pumbariño, S.L. alega no seu descargo:

- Que a empresa non ten constancia de que a comida se houbera servido fría, e tampouco se recibiu ningunha queixa durante a celebración, alegando que dispón dos medios técnicos precisos para que o transporte da comida dende Ourense, fora coas condicións de hixiene, seguridade e temperatura segundo a práctica habitual no sector do catering.

- Non nega que o punto de sal do lacón servido na comida fora distinto ao esperado.

- Respecto dos vermes atopados, soamente chégoulle unha queixa co prato servido a un concelleiro da oposición do Concello de Cambre, que considera parte interesada no expediente, e que se comunicou con posterioridade ao evento, cando se o houbera dito ao momento se houbera resolto o problema retirando o prato.

Engade que preparar mil quilogramos de grelos para servir unha lacoada a 750 persoas require un traballo ímprobo de limpeza, e que por moita atención que se poña, pode que, excepcionalmente, algún organismo pode quedar e aparecer nalgunha ración.

- Respecto da sobremesa, a decisión de servir a opción A) contida na cláusula segunda punto 5) do prego de prescricións técnicas "Opción A" torta de milfollas e queixo do país con marmelo ou semellante" a fixo o Concello, e Pumbariño, S.L. serviu queixo fresco galego, que entraría dentro do concepto "semellante" do prego por entender que resultaba máis saúdale para o colectivo ao que ía destinada a comida.

No informe emitido pola responsable do contrato faise constar:

- Que ela mesma se queixou en varias ocasións ao longo do servizo de comida, tanto pola lentitude e desorganización como polo fría e salgada que estaba, e que moitos participantes ao evento tamén llo comunicaron aos camareiros e camareiras que servían.

- Respecto da presenza de vermes, a solución non era retirar o prato, senón que a limpeza e a hixiene no momento do lavado do produto se debeu de facer de forma concienzuda para evitar este tipo de sucesos.

- Respecto da sobremesa, que nunha reunión mantida co representante da empresa á que asistiron a concelleira delegada, unha técnico e ela mesma, se concretou o menú exacto a servir, e o mesmo día do evento, ao detectar o erro, se lle comunicou ao representante da empresa, que pediu desculpas, e que a decisión de se é máis saúdale un tipo de queixo ou outro non correspondía á empresa en función dos seus intereses, senón segundo o establecido pola administración, tal como establece a cláusula segunda punto 3) do prego de prescricións técnicas.

A xuízo dos funcionarios informantes, **quedan acreditados os incumprimentos respecto do menú, que a empresa parece reducir unicamente ao punto de sal do lacón**, e chama a atención que considere "parte interesada no expediente" a un concelleiro da oposición que atopou un verme no seu prato, **sen facer mención a "máis de 400 interesados no expediente" aos que houbo que retirar o prato e que a empresa non rebate na alegación presentada.**

Respecto da sobremesa, a cláusula segunda punto 5) do prego de prescricións técnicas é clara:

"5) O menú, para un volume estimado de 750 persoas, poderá ser o seguinte, **seleccionado previamente polo técnico e político do Concello de Cambre:**

.....

3.Sobremesa:

Opción A): torta milfollas e queixo do país con marmelo ou semellante.

Opción B): Larpeira e queixo con marmelo ou semellante”.

Polo que, tal como se fai constar no informe emitido pola responsable do contrato, **a empresa se debeu ceñir á selección efectuada na reunión mantida para o efecto**, entre o responsable, concelleira e técnicos, e con estrito cumprimento na execución do contrato das directrices e instrucións formuladas pola responsable do contrato e pola concelleira delegada da área, segundo se establece na propia cláusula segunda punto 3) do prego de prescricións técnicas.

**TERCEIRO:** Cumprimento defectuoso da prestación.

“Incumplimento da Cláusula segunda do PPT, punto 28, respecto da actuación da orquestra que debía actuar á terminación da comida, na franxa horaria de 16:30 a 20:00 horas, cun descanso de media hora, sendo a duración total de 3 horas, tal e como se establecía na citada cláusula: Ademais de que a orquestra tocou de 16:30 a 19:00 horas, é dicir, 2 horas e media en vez de 3, como consecuencia da descoordinación e ralentización ao servir a comida, que concluíu co postre pasadas as 17.30 horas, os comensais só puideron desfrutar do baile unha hora e media.

Pumbariño, S.L. alega no seu descargo:

- Que a actuación da orquestra se estendeu ata as 20.00 horas.

- Que sobre as 19:00 horas, ao comezar a chegar autobuses para trasladar de volta aos seus domicilios aos asistentes, alguén descoñecido e totalmente alleo a Pumbariño, S.L. lle comentou ao responsable da orquestra que podía deixar de tocar, xa que a xente se marchaba, pero de forma inmediata, non máis de cinco minutos, o responsable de Pumbariño, S.L. comunicou que deberían seguir tocando ata as 20:00 horas.

No informe emitido pola responsable do contrato faise constar:

- Que a empresa non menciona que a hora de comezo do baile era para as 16:30 horas e que, como consecuencia de que a xente estaba a comer o segundo prato, non saíu fóra do pavillón, onde estaba situada a orquestra, ata as 17:45 horas aproximadamente, que foi cando se rematou de servir a sobremesa.

- Que ninguén do Concello se dirixiu á orquestra ás 19:00 horas para que deixara de tocar, senón que, ao ver que paraba a orquestra, ela mesma se dirixiu ao responsable da empresa para que dera as ordes de continuar, como así se fixo.

Do informe emitido pola responsable do contrato se deriva que si é certo que a orquestra continuou tocando a partir das 19:00 horas ata as 20:00 horas, pero ao seu requirimento, **chamando a atención que a empresa acoda a vaguedades “alguén descoñecido e totalmente alleo a Pumbariño, S.L. lle comentou ao responsable da orquestra que podía deixar de tocar, xa que a xente se marchaba” para xustificar que, efectivamente, o orquestra deixaba de tocar unha hora antes do establecido, por outro lado, Pumbariño, S.L. non rebate na súa alegación que o certo e constatado é que, dado que a orquestra estaba instalada fóra do pavillón, e como consecuencia da descoordinación e retardación na prestación do servizo; os comensais non puideron saír ata as 17:30 horas, polo que non puideron gozar das tres horas de baile que era o obxectivo perseguido coa cláusula segunda punto 28 do prego de prescricións técnicas, que foi incumplida.**

**CUARTO:** Incumprimento das obrigas esenciais do contrato.

“Non se achegaron os contratos ou a alta previa na Seguridade Social das persoas adscritas á prestación do servizo, que debían entregarse no Departamento de Contratación o día anterior ao inicio do servizo, aínda cando, tal e como consta no informe da responsable do contrato, déuselles todas as facilidades para que incluso o achegaran ao día seguinte da celebración do evento porque coincidía en domingo, xa que o representante a informou de que os ían dar de alta o mesmo día da Xuntanza”.

Pumbariño, S.L. alega no seu descargo:

- Que o prego esixía a presenza de trece camareiros/as e un cociñeiro/a, o que foi cumprido en maior número, e sobre o que o Concello non presenta dúbidas.

- Que para a prestación do servizo Pumbariño, S.L. soamente requiriu a presenza de catro persoas de nova contratación, que foron contratadas e dadas de alta na Seguridade Social para o mesmo día 6 de outubro, como consta na documentación achegada, e respecto do resto de persoas participantes, se non achegou copia dos contratos é porque en ningún momento se lle requiriu ou solicitou a entrega deles.

Pola responsable do contrato se mantén que a documentación foi requirida en varias ocasións antes do 4 de outubro de 2019 e despois do 6 de outubro dese mesmo ano.

Examinada a documentación presentada por Pumbariño, S.L.:

1.- Presenta unha relación na que figuran, con nome e apelidos, catorce camareiros e catro cociñeiros que, alega, prestaron ese día o servizo, máis persoal que o previsto no prego de prescricións técnicas, que establecía trece camareiros e un cociñeiro.

2.- Achega a alta na Seguridade Social para o 6 de outubro de 2019, de catro camareiros a nome da empresa Pumbariño, S.L.

3.- Achega ITA a data 4 de outubro de 2019 correspondente á empresa Pumbariño, S.L. no que figuran cinco traballadores, dous dos cales figuran como camareiros que segundo a empresa prestaron ese día o servizo.

4.- Achega ITA a data 4 de novembro de 2019 correspondente á empresa Galicia Vella de Inversiones y Logística, S.L. (se ben achega soamente a páxina 2 de 3), na que figuran dezaoto traballadores, dos cales tres figuran como cociñeiros que segundo a empresa prestaron o servizo o 6 de outubro e tres figuran como camareiros.

Do exame da citada documentación derivase:

a) Que dos sete camareiros que figuran como traballadores de Pumbariño, S.L., un, Isabel Sánchez Guerra, non figura no ITA da empresa.

b) Catro camareiros e un cociñeiro que figuran como traballadores de Galicia Vella de Inversiones y Logística, S.L. non figuran na páxina 2 do ITA correspondente á citada empresa.

Aínda tendo en conta que pola responsable do contrato non se fai mención ao número de persoas que o 6 de outubro de 2019 prestaron o servizo (se foron as previstas no prego de prescricións técnicas, máis traballadores ou menos, alegando o empresario que traballaron máis das previstas), o certo é que, tal como establece a cláusula 16.1.11 do prego de cláusulas administrativas, **a acreditación do persoal do que ía a**

**dispoñer para prestar o servizo, debía facerse dentro dos sete días hábiles concedidos, con carácter previo á adxudicación mediante a presentación da seguinte documentación:**

**1) No suposto de contar con persoal en cadro de persoal, mediante a presentación de:**

- dos correspondentes contratos asinados
- informe de vida laboral dun código conta de cotización actualizado.

**2) No suposto de que se trate de novas contratacións:**

- a alta previa na Seguridade Social, que se entregará no departamento de Contratación **o día anterior ao comezo do servizo.**

Pumbariño S.L. presentou dentro dos 7 días unha declaración de data 9 de setembro de 2019 na que facía constar que "... o día do servizo disporía dos seguintes medios persoais, así como a alta previa dos mesmos na Seguridade Social o día do servizo:

- camareros/as :13.
- cociñeiro:1".

Da declaración presentada parece derivarse a intención da empresa de contratar as 14 personas para o día 6 de outubro de 2019 polo que, en aplicación do establecido na cláusula 16.1.11, **Pumbariño S.L. debeu acreditar fehacientemente a adscrición do personal adscrito ao servizo, a máis tardar o día 5 de outubro de 2019.**

A maior abundamento, respecto da execución do contrato, a cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas, prego que o adxudicatario declarou coñecer e aceptar ao presentar a proposición, establecía que con carácter previo ao comezo da execución do contrato, o responsable do mesmo debía comprobar que o contratista acreditara dispoñer dos medios materiais e persoais, figurando no expediente de contratación os contratos asinados e demais documentación prevista na cláusula 16.1.11, co que Pumbariño, S.L., ao non presentar a documentación, ademais de non haber cumprido coas obrigas ao aceptar o contratao, **incorre en contradicións á hora de acreditar o persoal que afirma participou no contrato**, e así, como vimos, inclúe a Isabel Sánchez Guerra como traballadora que nin figura no ITA da empresa, nin foi dada de alta previa na Seguridade Social, **ademais de non presentar a documentación completa correspondente ao ITA de Galicia Vella de Inversiones y Logística, S.L. que debía amparar ao resto de traballadores** que, segundo alega, traballaron o 6 de outubro de 2019, polo que, a xuízo dos funcionarios informantes, **coa documentación achegada non queda acreditado de forma fidedigna o número de traballadores que efectivamente prestaron o servizo ese día** (se foron máis dos previstos no prego de prescricións técnicas como alega a empresa, menos, ou os previstos) **e si o fixeron cumprindo coa normativa aplicable ao respecto**, acreditación que debeu facer sen necesidade de requirimento por parte da responsable do contrato (que manifesta que así o fixo en reiteradas ocasións, antes e despois do 6 de outubro), senón por así establecerse na cláusula 16.1.11 do prego de cláusulas administrativas particulares.

**QUINTO: Incumprimento das obrigas esenciais do contrato.**

"Non se acreditou a obriga do adxudicatario de empregar no cadro de persoal que executou o contrato a 1 persoa con especiais dificultades de acceso ao mercado de traballo, definidas polo Servizo Público de Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e tampouco se achegou copia do carné de manipulador de alimentos en vigor do persoal que prestou o servizo, sen que os ditos documentos consten, a día de hoxe, no expediente de contratación incoado".

*Pumbariño, S.L. alega:*

*- Que esa obriga se cumpriu coa contratación de dona Yolanda Castelo Curros, dada de alta na Seguridade Social para prestar o servizo o 6 de outubro xa que, como se pode comprobar, a súa data de nacemento é a de 1966, o que fai que á data de contratación teña máis de 45 anos, suposto que se recolle na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares ao establecer que se consideran persoas con especiais dificultades de acceso ao mercado laboral, entre outros supostos, ás persoas maiores de 45 anos.*

*Se ben é certo que de forma extemporánea se acredita o citado requisito como condición especial de execución, tamén é certo que, segundo consta na propia cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares **“todo o persoal adscrito ao servizo deberá contar co carné de manipulador de alimentos en vigor. O adxudicatario deberá presentar copia deles a requirimento da responsable do contratao”** e, aínda cando non se di nada ao respecto no informe emitido o 17 de xullo do ano que andamos pola responsable do contrato, **Pumbariño, S.L. debeu presentar a citada documentación respecto do persoal que afirma prestou o servizo**, máxime cando así se fixo constar expresamente no acordo da Xunta de Goberno Local que se lle notificou e ao que presentou a alegación de demais documentación.*

*A xuízo dos funcionarios informantes, dado que segundo a cláusula 18 alínea in fine do prego de cláusulas administrativas particulares **“Estas obrigas considéranse como obrigas esenciais, que de incumprilas, poderán dar lugar á resolución do contrato por causa imputable ao contratista.....”**, **a non presentación do citado documento** respecto das persoas que alega presentaron o servizo, **supón un incumprimento de obriga esencial** para os efectos de acordar a resolución do contrato.*

*- Por último, alega que na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares non se define ningunha condición esencial, xa que ese termo esencial non figura no texto, o que figura no texto é, segundo transcripción literal: “No presente contrato, establécese como condicións especiais de execución as que se indican a continuación, por estar relacionadas co obxecto do contrato e coa finalidade de conseguir a mellor relación calidade-prezo do servizo a contratar.....” , polo que non se trata dunha condición esencial, senón especial, o que non daría lugar á aplicación do parágrafo segundo do artigo 211.1 letra f) da Lei de contratos do sector público, que recolle como causa de resolución o incumprimento das obrigas esenciais cualificadas nos pregos.*

*Como vimos no apartado anterior, a propia cláusula 18, apartado in fine, califica todas as obrigacións contidas na mesma como obrigacións esenciais aos efectos do artigo 211 da LCSP.*

*A empresa solicita se acorde o arquivo do expediente de resolución do contrato mantendo a aplicación do mesmo na parte aínda pendente de executar e de forma subsidiaria para o caso de que se acorde a liquidación, se proceda ao abono das facturas emitidas polo servizo prestado.*

*Tendo en conta canto antecede, os funcionarios informantes ratifícanse na proposta formulada no informe emitido con data de 22d e xuño de 2020 e, polo tanto, formulamos ao órgano de contratación a seguinte proposta de acordo a adoptar:*

**Primeiro:** *Rexeitar a alegación presentada por Pumbariño S.L., dando traslado ao Consello Consultivo de Galicia para emisión de informe, do expediente incoado por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre de data 23 de xuño de 2020 para a resolución do contrato adxudicado a Pumbariño S.L. mediante acordo da Xunta de Goberno de 24 de setembro de 2019, para a organización da “Xuntanza do Maior” a celebrar no Concello de Cambre nos meses de outubro nos anos 2019 e 2020, expediente 2019/C004/000016, adxudicación que a empresa aceptou mediante escrito presentado na data de 26 de setembro de 2019.*



Isto, de conformidade co establecido no artigo 191.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, artigos 11 e 12.g) da Lei 3/2014, de 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia.

**Segundo:** De conformidade co disposto no artigo 212.8 da Lei 9/2017, o expediente de resolución contractual deberá ser instruído e resolto no prazo máximo de oito meses, tendo en conta que a tenor do previsto no artigo 22.1.d) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o transcurso do prazo legal para resolver o procedemento e notificar a resolución declararase suspendido polo tempo que medie entre a petición de informe, que deberá comunicarse aos interesados, e a recepción do mesmo, que igualmente deberá ser comunicada aos mesmos.

Segundo o artigo 24.1 da Lei 3/2014, de 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia e artigo 37, puntos 1 e 3, do Decreto 91/2015, de 18 de xuño, polo que aproba o regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, o prazo para emisión de informe será de un mes dende a recepción da solicitude, transcorrido o cal entenderase que non existe impedimento á cuestión suscitada.

**Terceiro:** Comunicar ao Consello Consultivo e á entidade adxudicataria que a proposta de resolución a adoptar polo Concello de Cambre (sen prexuízo do que resulte do informe emitido polo Consello Consultivo) será a seguinte:

**“Primeiro:** De conformidade co establecido nos artigos 190, 192.2 e 211.1 f), parágrafo segundo, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e Cláusulas 16.1.11, 18 e 20 do Prego de cláusulas administrativas particulares, incoar expediente para a resolución do contrato suscrito coa empresa “Pumbariño, S.L.”, e domicilio na Estrada de Ourense nº 4, A Mezquita, 32838 A Merca (Ourense), adxudicataria do expediente de contratación incoado co nº 2019/C004/000016 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado abreviado (cun único criterio de adxudicación, factor prezo), do servizo de “Organización e realización da Xuntanza do Maior a celebrar no Concello de Cambre nos meses de outubro dos anos 2019 e 2020”, con base nos seguintes motivos:

**a) Por cumprimento defectuoso da prestación obxecto do contrato (art. 192.2 LCSP e Cláusula 20 do PCAP), de extrema gravidade, tendo en conta o dano producido á imaxe do Concello como institución, pola transcendencia social do número de persoas participantes (750 persoas):**

- Incumprimento da Cláusula segunda do prego de prescricións técnicas, punto 24, respecto dos agasallos de protocolo que se entregaron aos participantes na Xuntanza, toda vez que tal e como figura na citada cláusula segundo transcripción literal “A empresa adxudicataria encargará 750 detalles coa inscrición: “xxxx Xuntanza do Maior. Servizos Sociais. Cambre 201 xx”, previamente elixidos polo persoal político e técnico de servizos sociais.”: A inscrición que debería figurar nas cuncas só foi nunha parte delas, xa que había outra parte de cuncas nas que aparecían outras inscricións: - XIII Xuntanza do amor” - XIII Xuntanza dous maiores”
- Incumprimento da Cláusula segunda do PPT respecto do menú e da prestación do servizo: Respecto do segundo prato, consistente nunha lacoada, serviuse excesivamente salgada e crúa, o cal provocou que máis de 400 pratos foran devoltos (sobre un total de 700 persoas do colectivo ao cal estaba dirixido o obxecto do contrato, e 15 persoas en calidade de representantes institucionais invitadas), ademais de fría, presenza de vermes nos pratos de comida (constando fotografías ao respecto); respecto do postre, consistente en torta milhoja e queixo do país con membrillo ou similar, en vez do queixo do país serviuse queixo fresco de Burgos; o servizo de camareiros/as foi lento e desordeado, e ante as chamadas de atención dos participantes, algúns dos camareiros tiveron unha actitude pouco respectuosa cara aos comensais.

- *Incumprimento da Cláusula segunda do PPT, punto 28, respecto da actuación da orquestra que debía actuar á terminación da comida, na franxa horaria de 16:30 a 20:00 horas, cun descanso de media hora, sendo a duración total de 3 horas, tal e como se establecía na citada cláusula: Ademais de que a orquestra tocou de 16:30 a 19:00 horas, é dicir, 2 horas e media en vez de 3, como consecuencia da descoordinación e ralentización ao servir a comida, que concluíu co postre pasadas as 17.30 horas, os comensais só puideron desfrutar do baile unha hora e media.*

**b) Por incumprimento das obrigas esenciais do contrato [art. 211.1 f) parágrafo segundo, da LCSP, e Cláusulas 16.1.11 e 18 do PCAP]:**

- *Non se achegaron os contratos ou a alta previa na Seguridade Social das persoas adscritas á prestación do servizo, que debían entregarse no Departamento de Contratación o día anterior ao inicio do servizo, aínda cando, tal e como consta no informe da responsable do contrato, déuselles todas as facilidades para que incluso o achegaran ao día seguinte da celebración do evento porque coincidía en domingo, xa que o representante a informou de que os ían dar de alta o mesmo día da Xuntanza.*
- *Non se acreditou a obriga do adxudicatario de empregar no cadro de persoal que executou o contrato a 1 persoa con especiais dificultades de acceso ao mercado de traballo, definidas polo Servizo Público de Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e tampouco se achegou copia do carné de manipulador de alimentos en vigor do persoal que prestou o servizo, sen que os ditos documentos consten, a día de hoxe, no expediente de contratación incoado.*

**Segundo:** *Incoar expediente para a liquidación do contrato e aboamento ao contratista do servizo prestado conforme co establecido no prego de prescricións técnicas que serviron para a súa adxudicación, isto de conformidade co establecido no artigo 313.2 da LCSP”.*

Tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro:** Rexeitar a alegación presentada por Pumbariño S.L., dando traslado ao Consello Consultivo de Galicia para emisión de informe, do expediente incoado por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre de data 23 de xuño de 2020 para a resolución do contrato adxudicado a Pumbariño S.L. mediante acordo da Xunta de Goberno de 24 de setembro de 2019, para a organización da “Xuntanza do Maior” a celebrar no Concello de Cambre nos meses de outubro nos anos 2019 e 2020, expediente 2019/C004/000016, adxudicación que a empresa aceptou mediante escrito presentado na data de 26 de setembro de 2019.

Isto, de conformidade co establecido no artigo 191.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, artigos 11 e 12.g) da Lei 3/2014, de 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia.

**Segundo:** De conformidade co disposto no artigo 212.8 da Lei 9/2017, o expediente de resolución contractual deberá ser instruído e resolto no prazo máximo de oito meses, tendo en conta que a tenor do previsto no artigo 22.1.d) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o transcurso do prazo legal para resolver o procedemento e notificar a resolución declararase suspendido polo tempo que medie entre a petición de informe, que deberá comunicarse aos interesados, e a recepción do mesmo, que igualmente deberá ser comunicada aos mesmos.

Segundo o artigo 24.1 da Lei 3/2014, de 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia e artigo 37, puntos 1 e 3, do Decreto 91/2015, de 18 de xuño, polo que aproba o regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, o prazo para emisión de informe será de un mes dende a recepción da solicitude, transcorrido o cal entenderase que non existe impedimento á cuestión suscitada.

**Terceiro:** Comunicar ao Consello Consultivo e á entidade adxudicataria que a proposta de resolución a adoptar polo Concello de Cambre (sen prexuízo do que resulte do informe emitido polo Consello Consultivo) será a seguinte:

**“Primeiro:** De conformidade co establecido nos artigos 190, 192.2 e 211.1 f), parágrafo segundo, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e Cláusulas 16.1.11, 18 e 20 do Prego de cláusulas administrativas particulares, incoar expediente para a resolución do contrato suscrito coa empresa “Pumbariño, S.L.”, e domicilio na Estrada de Ourense nº 4, A Mezquita, 32838 A Merca (Ourense), adxudicataria do expediente de contratación incoado co nº 2019/C004/000016 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado abreviado (cun único criterio de adxudicación, factor prezo), do servizo de “Organización e realización da Xuntanza do Maior a celebrar no Concello de Cambre nos meses de outubro dos anos 2019 e 2020”, con base nos seguintes motivos:

**a)** Por cumprimento defectuoso da prestación obxecto do contrato (art. 192.2 LCSP e Cláusula 20 do PCAP), de extrema gravidade, tendo en conta o dano producido á imaxe do Concello como institución, pola transcendencia social do número de persoas participantes (750 persoas):

- Incumprimento da Cláusula segunda do prego de prescricións técnicas, punto 24, respecto dos agasallos de protocolo que se entregaron aos participantes na Xuntanza, toda vez que tal e como figura na citada cláusula segundo transcrición literal “A empresa adxudicataria encargará 750 detalles coa inscrición: “xxxx Xuntanza do Maior. Servizos Sociais. Cambre 201 xx”, previamente elixidos polo persoal político e técnico de servizos sociais.”: A inscrición que debería figurar nas cuncas só foi nunha parte delas, xa que había outra parte de cuncas nas que aparecían outras inscricións: - XIII Xuntanza do amor” - XIII Xuntanza dous maiores”

- Incumprimento da Cláusula segunda do PPT respecto do menú e da prestación do servizo: Respecto do segundo prato, consistente nunha lacoada, serviuse excesivamente salgada e crúa, o cal provocou que máis de 400 pratos foran devoltos (sobre un total de 700 persoas do colectivo ao cal estaba dirixido o obxecto do contrato, e 15 persoas en calidade de representantes institucionais invitadas), ademais de fría, presenza de vermes nos pratos de comida (constando fotografías ao respecto); respecto do postre, consistente en torta milhoja e queixo do país con membrillo ou similar, en vez do queixo do país serviuse queixo fresco de Burgos; o servizo de camareiros/as foi lento e desordeado, e ante as chamadas de atención dos participantes, algúns dos camareiros tiveron unha actitude pouco respectuosa cara aos comensais.

- Incumprimento da Cláusula segunda do PPT, punto 28, respecto da actuación da orquestra que debía actuar á terminación da comida, na franxa horaria de 16:30 a 20:00 horas, cun descanso de media hora, sendo a duración total de 3 horas, tal e como se establecía na citada cláusula: Ademais de que a orquestra tocou de 16:30 a 19:00 horas, é dicir, 2 horas e media en vez de 3, como consecuencia da descoordinación e ralentización ao servir a comida, que concluíu co postre pasadas as 17.30 horas, os comensais só puideron desfrutar do baile unha hora e media.

**b)** Por incumprimento das obrigas esenciais do contrato [art. 211.1 f) parágrafo segundo, da LCSP, e Cláusulas 16.1.11 e 18 do PCAP]:

- Non se achegaron os contratos ou a alta previa na Seguridade Social das persoas adscritas á prestación do servizo, que debían entregarse no Departamento de Contratación o día anterior ao inicio do servizo, aínda cando, tal e como consta no informe da responsable do contrato, déuselles todas as facilidades para que incluso o achegaran ao día seguinte da celebración do evento porque coincidía en domingo, xa que o representante a informou de que os ían dar de alta o mesmo día da Xuntanza.

- *Non se acreditou a obriga do adxudicatario de empregar no cadro de persoal que executou o contrato a 1 persoa con especiais dificultades de acceso ao mercado de traballo, definidas polo Servizo Público de Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e tampouco se achegou copia do carné de manipulador de alimentos en vigor do persoal que prestou o servizo, sen que os ditos documentos consten, a día de hoxe, no expediente de contratación incoado.*

**Segundo:** *Incoar expediente para a liquidación do contrato e aboamento ao contratista do servizo prestado conforme co establecido no prego de prescricións técnicas que serviron para a súa adxudicación, isto de conformidade co establecido no artigo 313.2 da LCSP."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**G) Adxudicación á empresa Cys Hispania S.L polo importe ofertado de 23.878,85 euros sen IVE ( 28.893,41 euros IVE incluído) da obra denominada : "Reforma do local municipal de Lendoiro. Planta alta. Cambre", subvencionada ao abeiro da Resolución do 29 de decembro de 2016 pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección do 29 de decembro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas co Feader no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR)" (DOG nº 12 do 18/01/2017). Expte: 2019/C002/000389**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 4 de agosto de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

"Con data do 1/10/2019 rexistrouse no Concello de Cambre, con núm. de entrada 04/1251, notificación procedente da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) na que se da traslado da resolución sobre a concesión dunha subvención solicitada polo Concello de Cambre para a ampliación do centro social de Lendoiro-Cecebre, subvención concedida ao abeiro da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020 convocatoria 2019-2020 submedida 19.2 (MR701D). En dita resolución, confírmase a subvención dun 70% do orzamento presentado, que ascende a 35.257,79 €, sendo a cantidade finalmente subvencionada 24.680,45 €. Concrétase, ademais, que o prazo de execución da obra e xustificación da subvención remata o 15 de outubro de 2020.

A subvención antedita, por importe de 22.347,40 euros, está financiada nun 75 % polo Feader, nun 2,50 % polo Ministerio e nun 22,50 pola Agader. Esta axuda cofinánciase polo Feader no marco da medida 19 (Leader) do PDR de Galicia 2014-2020, e encádrase na prioridade ou área focal 6B (promover o desenvolvemento local nas zonas rurais).

Con data 7/11/2019 elaborouse pola arquitecta técnica municipal, dona Susana Bahamonde López, o documento denominado "*Descrición técnica para reforma do local municipal de Lendoiro, planta alta . Cambre*" cun orzamento base de licitación de 35.257,79 € IVE incluído (29.138,67 € sen IVE) . Coa mesma data, emítese informe de viabilidade urbanística polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito.

Con data 29/01/2020 emítese documento contable de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 933 62200.

Con data 3/02/2020 o arquitecto municipal elaborou o documento denominado "prescricións técnicas para a contratación das obras incluídas na descrición técnica "reforma do local municipal de Lendoiro, planta alta, Cambre".

Con data do 10/03/2020 emítase proposta-informe de necesidade de contratación asinado polo arquitecto municipal, o concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras e pola concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, no que se motiva a necesidade da contratación para a obra "Reforma do local municipal de Lendoiro. Planta alta", na execución da subvención concedida ao abeiro da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020 para a ampliación do centro social de Lendoiro-Cecebre.

O órgano competente para a autorización e aprobación do gasto, e para a adxudicación do expediente, é a Xunta de Goberno Local (segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019 do 1 de xullo de delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local).

Tramitado o expediente de contrato menor nº 2020/C002/000389, con data 25/05/2020 emítase informe-proposta de adxudicación polo arquitecto municipal no que consta que presentaron oferta dous licitadores, renunciando o terceiro.

Con data do 10 de xullo de 2020 emítase informe pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral da Corporación, no que, co fin de dar cumprimento ao establecido nos artigos 9.2.h) e 10.5) das Bases da subvención, respecto da obriga de achegar tres ofertas, propónse que se proceda á apertura dun prazo de presentación de ofertas por un prazo de cinco días hábiles, mediante a correspondente publicación no Perfil de Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, publicación que se levou a cabo con data do 13 de xullo seguinte.

Transcorrido o prazo de presentación de ofertas, con data do 29/07/2020 emítase informe pola arquitecta técnica municipal, complementado con informe de data 3 de agosto de 2020, no que consta que presentaron oferta os licitadores que a continuación se relacionan:

EMPRESAS	CRITERIO ECONÓMICO		
	OFERTA	BAJA €	BAJA %
CYS HISPANA S.L.	28.893,41	3.504,34	10,82
NARÓN SERVICIOS DE MEDIO AMBIENTE S.L.	29.969,12	2.428,63	7,50
GROMA OBRAS S.L.	30.952,82	1.444,93	4,46
CARICLES OBRAS Y SERVICIOS SL.	31.732,01	665,74	2,05
CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS S.L.	32.271,46	126,29	0,39
CIMBRA CONTRACTS S.L.	32.397,75	0,00	0,00

formulando proposta de adxudicación da obra "Reforma do local municipal de Lendoiro. Planta Alta", á entidade Cys Hispania SL co CIF: B742\*\*\*\*\* e domicilio na rúa da República do Salvador nº 6, baixo, 15701 Santiago de Compostela, (A Coruña), no prezo ofertado de 28.893,41 euros IVE incluído, por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración establecido (prezo máis baixo), sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de

contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración Xeral coa conformidade da secretaria xeral de data 10 de xullo de 2020, e mailo informe de fiscalización nº 214/2020, emitido polo interventor da Corporación con data do 3 de agosto de 2020.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de equipamentos da súa titularidade, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar o documento denominado “*Descrición técnica para reforma do local municipal de Lendoiro, planta alta . Cambre*” elaborado pola arquitecta técnica municipal dona Susana Bahamode López, cun orzamento base de licitación de 35.257,79 € IVE incluído (29.138,67 € sen IVE), así como a proposta formulada o 10 de marzo de 2020 polo arquitecto municipal, o concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras e pola concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de necesidade da contratación.

**Segundo:** Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 933 62200

**Terceiro:** Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2019/C002/000389, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

**Cuarto:** Admitir na licitación ás entidades “Cys Hispania, S.L.”, “Narón Servicios de Medio Ambiente, S.L.”, “Groma Obras, S.L.”, “Caricles Obras y Servicios, S.L.”, “Cimbra Contracts, S.L.”e “Calicanto Obras y Proyectos, S.L.”.

**Quinto:** Adxudicar a obra, no prezo ofertado de 23.878,85 euros sen IVE (28.893,41 euros IVE incluído) á entidade Cys Hispania SL co CIF: B742\*\*\*\*\* e domicilio na rúa da República do Salvador nº 6, baixo, 15701 Santiago de Compostela, (A Coruña), por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración establecido (prezo máis baixo), sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa

A orde decrecente de clasificación obtida polas entidades licitadoras, en función das ofertas presentadas, foi a seguinte:

EMPRESAS	CRITERIO ECONÓMICO
	OFERTA
CYS HISPANA S.L.	28.893,41
NARÓN SERVICIOS DE MEDIO AMBIENTE S.L.	29.969,12
GROMA OBRAS S.L.	30.952,82

CARICLES OBRAS Y SERVICIOS SL.	31.732,01
CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS S.L.	32.271,46
CIMBRA CONTRACTS S.L.	32.397,75

**Sexto:** Tendo en conta o informe emitido polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito con data do 3 de febreiro de 2020, unha vez notificada a adxudicación á entidade contratista, esta deberá presentar no prazo de sete días hábiles o correspondente Plan de Seguridade e saúde, informado polo coordinador de seguridade e saúde designado, e a data de inicio dos traballos será consensuada cos servizos técnicos da Área de Urbanismo e Réxime Interior municipal.

Segundo establece o técnico municipal no antedito informe, a Administración, a través da dirección de obra, ordenará a unha empresa especializada en control de calidade que se verifiquen os ensaios de materiais e unidades de obra que resulten pertinentes, sendo os gastos que se orixinen por conta do contratista ata un importe máximo do un por cento do orzamento de execución material da obra. Ademais, o contratista encargará e colocará nun lugar visible un panel de dimensións (2000x1000 mm) branco, rotulado co logotipo do Concello de Cambre (ocupación do 50 % horizontal), o número de expediente, o título da obra e a denominación e/ou logotipo da empresa contratista, (todo isto sen prexuízo das obrigas de publicidade que se fan constan no punto decimo do presente acordo)

**Sétimo :** De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

**Oitavo:** Designar como director de obra e responsable do contrato á arquitecta técnica municipal dona Susana Bahamonde López, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Noveno :** A coordinación de seguridade e saúde para a presente obra corresponderalle ao licitador que resulte adxudicatario do expediente nº. 2020/C004/000007, que actualmente se atopa en tramitación, e que ten por obxecto a prestación do servizo de coordinación de seguridade e saúde en varias obras de construción entre as que se atopa a obra obxecto deste contrato.

**Décimo:** De conformidade co establecido nos artigos 4 e 19.1.a) , da Resolución do 29 de decembro de 2016, o concello deberá destinar os bens ao fin para o que se concede esta subvención polo menos durante os cinco anos posteriores á data da resolución do pagamento final.

Ademais, o beneficiario da subvención deberá adoptar as medidas de difusión e publicidade nos termos que se especifican na convocatoria e someterse ao Plan de Comunicación do PDR, polo que, de conformidade co establecido no artigo 19.1.i) , da Resolución do 29 de decembro de 2016, deberá publicitar a concesión da axuda segundo establece o Anexo III do Regulamento (UE) nº 808/2014 da Comisión, do 17 de xullo, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1305/2013.

**Décimo Primeiro:** Notifíquese aos licitadores participantes e á entidade a que corresponda a coordinación de seguridade e saúde designada, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).



O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Décimo Segundo** : Notificar aos Departamentos de Intervención, Urbanismo e Axencia de Desenvolvemento Local municipais, así como á técnica de xestión de Administración xeral responsable de Contratación, para a súa constancia e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dez horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Juan González Leirós

Maria Luisa de la Red Ampudia